

Aurora Marco rescata do esquecemento a María Vázquez, mestra represaliada en agosto do 36

FICHA TÉCNICA: 272 pp . 13 x 23 cms.
ISBN 978-84-18567-84-1. PAPEL FSC . PVP: 20,50 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, OUTONO DE 2025.-Aurora Marco, catedrática da USC e especialisa na recuperación da memoria de mulleres galegas, especialmente as represaliadas, rescata do esquecemento a figura da mestra **María Vázquez Suárez** (Santiago, 1894-Pontedeume, [?], 1936). **Un ensaio de 272 páxinas que aporta ata cen fotografías e documentos históricos, a maior parte deles, descoñecidos.** A obra leva por título **María Vázquez Suárez, a mestra socialista eliminada polo franquismo** (Alvarelllos Editora).

Relata a autora no Limiar: «Aquel 19 de agosto de 1936 resoaron na noite os disparos que acabaron coa vida dunha **mestra vocacional, dunha renovadora pedagóxica, dunha muller progresista, militante socialista**, afervoadada defensora dos dereitos femininos, (...) No período republicano, as mestras tiveron un papel capital, como os mestres. O que acontece é que as súas achegas, e até os seus nomes, ficaron con moita frecuencia **invisibilizados**».

Nacida en Compostela, con raíces en **Sober**, estudou Maxisterio na **Coruña**, mestra na **Pobra do Caramiñal** e en **Miño**, e enterrada en **Pontedeume**.

Tantos anos despois, estas páxinas son **memoria reparadora, loita contra o esquecemento**. A carón do relato incorpóranse o lamentable **expediente de depuración**, aberto catro anos despois do seu asasinato.



AURORA MARCO (Noguera de Albarracín, Teruel, 1948). Doutora en Filosofía e Letras pola USC, catedrática na Facultade de Ciencias da Educación, no campo da investigación é autora de numerosos libros e artigos, editora de varios volumes e colaboradora de obras colectivas. Desenvolve unha intensa actividade como conferenciante. Da súa extensa obra salientan biografías sobre Carvalho Calero, Avilés de Taramancos, Ramiro Paz Carbajal, Áurea Lorenzo Abeijón, María Vinyals... É autora, entre outras, de *As precursoras* (1993), *Mulleres e educación en Galiza. Vidas de mestras* (2002), *Dicionario de mulleres galegas* (2007), *Mulleres na guerrilla antifranquista galega* (2011), *Elas* (2015) ou *Irmandiñas* (2020). Pola súa obra ensaística foi galardoada con diferentes premios. En 2023 publica *Carmiña Sierra. A primeira muller do Seminario de Estudos Galegos* (Alvarelllos Editora) obra finalista como mellor ensaio do ano nos Premios Follas Novas.

Contacto: aurora.marco48@gmail.com



Esta publicación contou coa colaboración dos concellos da Pobra do Caramiñal, A Coruña, Sober, Pontedeume e Miño.

